

MANIFESTO DE ESQUERDA UNIDA "LUMES NUNCA MÁIS"

Esquerda Unida-IU apoia a convocatoria de manifestación o 20 de agosto de 2006 realizada pola *Plataforma Cidadá Nunca Máis* por entender que debemos responder da forma máis unitaria posible á magnitude da catástrofe medioambiental.

Esquerda Unida-IU quere salientar e agradecer o esforzo de transparencia informativa ante a situación de crise aínda que quere manifestar que a opinión desta organización non fora tida en conta nin polo goberno nin polos medios públicos de comunicación de Galicia.

A traxedia forestal padecida non debe repetirse. Galicia non pode seguir con esta lacra de forma permanente como ven sucedendo dende hai cuarenta anos sen que ningún goberno tome cartas no asunto e se o fai e unicamente dende o punto de vista da extinción e, polo tanto, obviando o máis importante a prevención. A vida do noso ecosistema ten que estar a salvo das pretensións partidistas.

As causas dos lumes en Galicia son múltiples e, xa que logo, non podemos procurar un único culpable. Nin sequera esa mafia organizada da que non sabemos sequera se existe. En calquera caso, de existir, deben ser as investigacións as que o determinen. E aí Esquerda Unida-IU esixe transparencia, rigor e seriedade para que se determinen –sabedores da complexidade e dificultade- culpables e causas dos diferentes lumes. Non seremos nós quen desbotemos a posibilidade de que existan tramas, pero teñen que apurarse as probas da súa existencia e coñecerse os seus instigadores. Cómpre diferenciarmos culpables de beneficiarios, xa que non teñen forzosamente a mesma identidade.

En 1989, ano no que houbo 8.243 lumes en Galicia, arderan 205.392 hectáreas e xa entón puidemos ver como abrollaba o concepto de terrorismo incendiario sen que se apurara ningunha investigación. En 1995 en só tres días, segundo informa Greenpeace, houbo máis de 600 lumes e arderan 2.000 hectáreas e Fraga tamén deixaba para as hemerotecas a frase seguinte "*Lo que no se puede evitar es que haya algún terrorista, unos políticos y otros medioambientalistas, que aprovechen estas circunstancias*". Vemos, polo tanto, que as Administracións Públicas recorren á figura do terrorista incendiario, sen que cheguemos, realmente, a coñecer o seu rostro, identidade e adscripción. Por iso, criticamos a presenza de Rubalcaba neste sentido, xa que primeiro lanzou a pedra e logo agochou a man.

Esiximos que se artellen os mecanismos de control necesarios (aplicación estrita para que non se recalifiquen terreos rústicos e agrícolas queimados) para que ninguén saia beneficiado coa vaga de lumes que asolou Galicia. Así, de paso, evítaranse as olladas culpabilizadoras e as acusacións. E con esta perspectiva esiximos do Goberno da Xunta de Galicia un esforzo legislativa que impida a recalificación dos terreos queimados. Ninguén pode saír beneficiado da queima dos montes.

O lume prendeu en zonas de gran presenza urbanística e turística ou en zonas de proxección e como tal cobizadas como a zona da Costa da Morte. Que a vulnerabilidade (acelerada por un deficiente ou nulo ordenamento urbanístico) dos lumes provocou que o primeiro fose a protección da vida das persoas e das vivendas; así, as hectáreas de monte queimadas se incrementaron. Certo é que existe unha clara xeografía do lume que podería beneficiar a certos sectores caracterizados polo lucro e a especulación. Por iso, a primeira medida debe ser impedir que ninguén saia beneficiado e, en todo momento, a cidadanía ten que saber como se desenvolven as investigacións.

Cando principiaba a súa tarefa Suárez Canal, conselleiro de Medio Rural, apuraba a necesidade de aplicar unha política de prevención sobre a extinción –que sería a que privilexiara o PP. Tiña razón. No entanto, cómpríase e cómprese máis equilibrio entre as dúas faces, non pode establecerse unha en detrimento da outra. Ademais, mesmo CC.OO. apura en certos informes a deficiente estratexia preventiva do conselleiro ao negar o cambio de tipoloxía laboral para o persoal dedicado ás tarefas de extinción. Estamos a favor da prevención sempre e cando esta exista. E moito nos tememos que neste primeiro ano de lexislatura o goberno da Xunta de Galicia non fixo ben as tarefas.

Por outra banda, cómprese un mando único para as brigadas forestais agora mesmo repartidas en dúas consellerías, a de Medio Rural e a de Meio Ambiente. Gañaríase en xestión e coordinación.

O Plan INFOGA 2006 comezou a aplicarse de forma seria nos 19 distritos medioambientais a inicios de xullo. Pero hai voces que afirman que estamos ante un plan menos ambicioso do que debería en materia de prevención en base ás disposicións orzamentarias. Ademais, foi nunha data tan tardía como a do 7 de xullo (DOGA do 18 de xullo, nº 138) cando se anuncia a resolución que anuncia a lista definitiva para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal laboral dos Servizos de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais e de Persoal do Plan

Infoga. Isto quere dicir que o persoal seleccionado entrou a formar parte do dispositivo o día seguinte ao da publicación no DOGA, o 19 de xullo, 15 días antes da vaga de lumes.

Cómpre un gran pacto social e político para cambiar a dirección que leva na actualidade ao abandono do Monte galego e á destrución do seu ecosistema. En calquera caso cómpre que se teñan en conta polo menos as seguintes dimensións:

- a) Unha política de prevención: campañas de sensibilización; limpeza equilibrada dos montes nas zonas de maior risco; un novo estatuto laboral e contractual para os brigadistas; etc...
- b) Unha política de extinción con medios propios e cun mando único para evitar a descoordinación;
- c) Unha política de restauración dos montes queimados baixo criterios científicos e con control por parte da Xunta de Galicia.
- d) Unha política de reforestación axeitada: o eucalipto e o pino non poden ser os únicos expoñentes da masa forestal galega
- e) Unha política de ordenación do territorio equilibrada: a dispersión do hábitat poboacional está favorecendo a vulnerabilidade e incrementa o impacto dos lumes. Cómpre racionalización e un freo á especulación urbanística
- f) Unha política de dinamización do agro galego: o monte galego debe ser produtivo e debe ser motor da economía
- g) Unha política participativa: urxe convocar o Consello Forestal de Galicia tal e como prometeu o actual goberno galego. A política forestal é unha cuestión de Estado e esixe a participación de todos os sectores afectados.
- h) Unha reforma legislativa que impida a especulación inmobiliaria sobre os terreos queimados

A concreción de todos estes aspectos, como afirmamos, só será posible desde a participación social, desde a implicación de todos os sectores da sociedade, non pode permanecer unicamente nas mans dos que teñen ou non o poder. Cómpre camiñarmos cara este urxente pacto social e político en defensa do Monte, senón en setembro teremos que lamentar, de novo, que unha vaga de lumes provocada por “invisibles terroristas” asola unha vez máis Galicia.

16 de agosto de 2006.